

XUNTA DE GALICIA Saída 1989250 / RX 2322078

REXISTRO ELECTRÓNICO SANTIAGO DE COMPOSTELA Data 12/12/2023 14:27:33



ORDEN DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE SE MODIFICAN AS DATAS DA RESOLUCIÓN DO 05.12.2023 PARA EXTRACCIÓN DE OURIZO A PÉ Á CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXIA DURANTE O MES DE DECEMBRO

ANTECEDENTES

- 1 Con data 05.12.2023, esta xefatura territorial resolveu autorizar á confraría de pescadores de Muxía a extracción de ourizo (*Paracentrotus lividus*) a pé durante o mes de decembro.
- 2 O día 11 .12.2023, achegan modificación da solicitude inicial para anular o día 12 de decembro como xornada non traballada por mor das condición meteorolóxicas, á vez que solicitan compensar esa data coa autorización do sábado 16.
- 3 No plan acéptase a posibilidade de realizar actividade extractiva os sábados e festivos de semana santa e decembro, aínda que será preciso que a lonxa estea operativa no día en cuestión para poder emitir o correspondente documento de orixe que deberá acompañar o marisco dende a zona de produción ata a lonxa. Nese día se encargará do control das capturas a asistencia técnica, polo que, aínda sendo sábado, o control está asegurado.

Recíbense os seguintes informes:

- Informe da bióloga de zona do 04.12.2023 e do 12.12.2023
- Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 21.11.2023.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro, e tendo en conta todo o anterior RESOLVO:

Modificar o apartado de datas de extracción da resolución do 05.12.2023 para ourizo a pé na confraría de pescadores de Muxía, incluíndo o día 16, segundo se recolle a continuación.

Datas: 13,14,15,16,18,26,27,28 e 29 de DECEMBRO

Lémbrese que só poderán traballaran un máximo de 7 xornadas este mes, de xeito que **cando acaden esas datas, se parará a extracción**, o que terán que comunicar ao correo da sección de coordinación técnica seccordtec.mar.coruna@xunta.gal

O resto dos apartados e condicións da resolución do 05.12.2023, permanecen invariables.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A xefa territorial
Mª José Cancelo Baquero

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

